

## ***RECOMENDACIÓNS NO USO DUNHA LINGUAXE INCLUSIVA.***

### ***IES PLURILINGÜE CASTRO DA UZ***

A lingua non é sexista, pero si o é o uso que dela facemos. A linguaxe é o medio a través do cal nos comunicamos, polo tanto reflicte o pensamento colectivo, e con el estamos a transmitir unha grande parte da forma de pensar, sentir e actuar de cada sociedade.

A miúdo, incorremos en sexismo lingüístico a través do uso de formas incorrectas da linguaxe, na escolla de palabras ou estruturas discriminatorias. A linguaxe sexista fai invisibles, exclúe ou ataca as mulleres, dificulta a súa identificación ou asóciaas a valoracións negativas.

Debido á consideración do masculino como xénero non-marcado e asociado aos dous sexos, cando empregamos un nome xenérico ou descoñecemos a persoa a quen vai dirixido, adoitamos empregar, moitas veces de xeito inconsciente, unha linguaxe discriminatoria con respecto ás mulleres.

Na actualidade, aínda se empregan diversas expresións que sendo correctas gramatical e sintacticamente, xeran unha linguaxe sexista, que asigna valores, crenzas, capacidades e roles diferentes a homes e mulleres, por exemplo:

- Termos androcéntricos a través dos cales excluímos o colectivo feminino (“os profesores”, “os alumnos”, “os pais”).
- Masculinos xenéricos a través de los cales excluímos a poboación feminina (“varios anciáns”).
- Refráns sexistas a través de los cales se denigra ás mulleres (“*Á muller e á galiña, tórcellas o pescozo, verás como quedan mansiñas*”).
- Duais aparentes a través dos cales se denigran as mulleres (zorra-zorro, home público-muller pública), mediante vocábulos que ao cambiar de xénero gramatical adquiren unha connotación moi negativa.
- Profesións e cargos en masculino o en feminino utilizándose independentemente do sexo da persoa, a través dos cales se invisibiliza unha parte da sociedade e se fomentan certas profesións e status para un ou outro sexo (xestor, director, enfermeira, ama de casa).

A lingua cambia e evoluciona, inclúe as necesidades e demandas das e dos falantes e adáptase a unha realidade que se vai transformando, a un mundo cambiante.

Un exemplo moi claro no noso ámbito, o que antes chamabamos “Asociación de Pais de Alumnos” (APA), agora chámase Asociación de Nais e Pais (ANPA). Este cambio amosa unha realidade que antes se ocultaba, non se nomeaba... e ademais nunha área na que predomina a participación feminina.

Ao nomear o mundo en masculino e en feminino non só actuamos cunha maior equidade ao incluír sen exclusións uns e outras no escenario das palabras, senón tamén cunha maior exactitude e corrección, ao non ser posible designar ese mundo sen aludir á diferenza sexual entre homes e mulleres.

A miúdo, quen se opón a estes argumentos faino afirmando que o uso verbal en masculino e en feminino atenta contra a espontaneidade e contra a economía expresiva inherentes á linguaxe humana. Cabe aclarar ao respecto o seguinte:

1. Non todos os usos da linguaxe se caracterizan pola súa espontaneidade. Agás a conversa espontánea, o resto dos usos lingüísticos exixen un certo nivel de elaboración textual e polo tanto admiten no contexto desa elaboración unha corrección que teña en conta, xunto con outros asuntos (ortografía, coherencia do texto, adecuación léxica), a diferenza sexual entre mulleres e homes. Tanto no uso formal da linguaxe oral (unha clase, unha conferencia, un debate), coma na grande diversidade de textos escritos (un ensaio, un informe, un libro de texto, unha crónica), é posible incorporar esa vontade de nomear o mundo en feminino e en masculino.
2. É innegable que nunha conversa espontánea non é doado nomear o mundo en feminino e en masculino en todas e en cada unha das ocasións, pero convén deixar constancia de vez en cando dese afán de equidade na designación lingüística e da nosa vontade de nomear en feminino o que é feminino.
3. Cando escribimos, é sempre aconsellable revisar varias veces o borrador do texto ata dalo por bo. Nese proceso de corrección temos en conta unha serie de criterios ortográficos, sintácticos, léxico-semánticos, pragmáticos e incluso tipográficos. Que impide, por tanto, ter en conta tamén a diferenza sexual na corrección do texto escrito?
4. Non todos os usos da linguaxe se caracterizan pola súa economía expresiva. Non se entende un coloquio literario, un ensaio filosófico ou unha clase maxistral se non están asolagados de ideas, feitos, opinións e argumentos expresados coa maior claridade posible e sen aforro de palabras. Por que se invoca a economía da linguaxe só cando se quere incorporar a identidade feminina? Nomear o mundo tamén en feminino exixe un malgasto verbal tan custoso? Por que tanta mesquindade expresiva?
5. Por outra parte, podemos facer uso de termos xenéricos que permitan incluír os dous sexos ("o ser humano", "o profesorado", "a cidadanía", "as persoas", "a xente", "o alumnado"...)

O que si debe quedar claro é que non se duplica a linguaxe por dicir "nenos e nenas" ou "pais e nais" como non se duplica por dicir "azul e verde" ou "doce e salgado". A palabra "nenos" non designa as "nenas", de igual maneira que a palabra "pais" non alude ás "nais". Non esquezamos que a diferenza sexual está xa dada no mundo, non é a linguaxe quen a crea. O que debe facer a linguaxe é, simplemente, nomeala, posto que existe.

Moitas expresións e formas de comunicarnos non reflicten a Igualdade que lle queremos ensinar ao noso alumnado, polo que é importante a nosa reflexión e posta en práctica de medidas de linguaxe igualitaria.

Recordemos que a través da linguaxe construímos a sociedade na que vivimos.

## ***ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS***

### ***DESDOBRAMENTO***

No caso de que os nomes que utilizemos teñan os dous xéneros gramaticais, deberemos facer alusión a ambos, tendo coidado de como os empregamos, xa que ás veces o desdoblamento supón realizar un uso reiterativo da linguaxe, coa consecuente recarga tanto na fala como na escrita.

Poderemos xogar co feminino e co masculino en cada ocasión, de xeito que non coloquemos sempre un xénero antes ca o outro, evitando así a xerarquización.

<b>FORMAS RECOMENDADAS</b>	<b>FORMAS NON RECOMENDADAS</b>
As e os traballadores afectados...	Os traballadores e traballadoras afectados e afectadas...
As delegadas e delegados convocados...	Os delegados e delegadas convocados e convocadas...
As mulleres e homes poderán subscribirse a...	Os homes e mulleres poderán subscribirse a ...
As profesoras e profesores implicados	Os profesores implicados
As compañeiras e compañeiros	Os compañeiros

Non só se debe indicar a duplicidade de xénero no substantivo, senón tamén naquelas palabras que concordasen con el, como os determinantes ou os adxectivos. Mais no caso de concordaren cun participio, é preferible substituír este por unha forma persoal do verbo, para evitarmos construcións agramaticais ou menos correctas:

<b>FORMAS RECOMENDADAS</b>	<b>FORMAS NON RECOMENDADAS</b>
Os secretarios e as secretarias que se convoquen á xuntanza reuniranse a vindeira semana.	Os secretarios e as secretarias convocados e convocadas á xuntanza reuniranse a vindeira semana.
Mañá saberemos cales son os/as directores/as que se interesan pola proposta	Mañá saberemos cales son os/as directores/as interesados/as na proposta

## ***SUBSTANTIVO XENÉRICO***

Utilizaremos substantivos xenéricos reais, xunto con abstractos e colectivos, evitando o emprego do masculino como xenérico.

<b>FORMAS RECOMENDADAS</b>	<b>FORMAS NON RECOMENDADAS</b>
A clase traballadora	Os traballadores
A mocidade	Os mozos
A cidadanía	Os cidadáns
O alumnado	Os alumnos
O funcionariado	Os funcionarios
A representación sindical	Os delegados sindicais
O electorado	Os electores
O profesorado	Os profesores
O persoal técnico	Os técnicos
O cadro médico	Os médicos
Licenciatura en...	Licenciados
Diplomatura en...	Diplomados
O ser humano	O home
Recoméndase o emprego...	Recoméndase aos usuarios
Quen teña	Aqueles que teñan
Quen presente a demanda	O demandante
Titular da conta	O titular da conta
A persoa interesada deberá..	O interesado deberá...

Outros substantivos colectivos aos que se pode recorrer para evitarmos as formas con marca de xénero son os seguintes:

*Cadro de persoal, colectividade, comunidade, corpo, equipo, funcionariado, grupo, humanidade, infancia, mocidade, persoal, poboación, público, secretariado, veciñanza, xente, mocidade, persoal de enfermería, persoal médico...*

Unha opción moi empregada é a de utilizarmos unha expresión equivalente, composta polos **nomes xenéricos** *persoas, persoal, xente, poboación e o adxectivo correspondente* (“O persoal docente considerou apropiada a medida”).

## **DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

FORMAS RECOMENDADAS	FORMAS NON RECOMENDADAS
D./D. <sup>a</sup>	D.
Nome e apelidos	Don
Natural de	Nado en
Data de nacemento	Nacido
Con empadramento en	Empadroadado en
A persoa interesada	O interesado
Sinatura	O solicitante
Nai, pai ou representante legal	Pai ou titor
Apto/apta	Apto
Estimadas señoras e estimados señores	Estimados señores e señoras
Quen abaixo asina	O abaixo asinante

## **BARRAS E ARROBA**

Na *linguaxe oral*, se non atopamos un substantivo que inclúa os dous xéneros, deberemos expresar ambos (“nenos e nenas”).

Na *linguaxe escrita*, deberemos escoller o emprego da *barra* (“/”) cando non atopamos ningún nome abstracto ou neutro que inclúa os dous xéneros nunha soa expresión. As barras son axeitadas nos documentos onde non se coñece a persoa que vai facer o trámite: en formularios, fichas, solicitudes, contratos, nóminas, sinaturas, cartas, táboas... En canto a *arroba* (@), cómpre *evitar o seu uso*, xa que no plano oral é impronunciábel, e **non** é un signo lingüístico.

FORMAS RECOMENDADAS
A/o interesada/o
Empregada/o
Licenciada/o
Propietaria/o
Director/a ou Dirección
Xefa/e
Secretario/a
O/A traballador/a
Don/Dona
Delegada/o
A/o adolescente

## **CARGOS E PROFESIÓN**

As categorías, os cargos e as titulacións que fan referencia ao persoal deberán aparecer en feminino e masculino, tendo en conta a persoa que os posúa, independentemente de que esta sexa un home ou unha muller.

En termos nos que se dubide do xénero, deberemos adaptar as expresións.

Debemos ter tamén moito coidado cos carteis á hora de rotular despachos, oficinas, edificios...

<b>FORMAS RECOMENDADAS</b>	<b>FORMAS NON RECOMENDADAS</b>
Necesítase persoa para desenvolver tarefas de albanelaría	Necesítase albanel
Asegurador/a	Asegurador
Auxiliar administrativo/a	Auxiliar administrativo
Azafato/a	Azafato
Bombeiro/a	Bombeiro
Caixeiro/a e Persoal de caixa	Caixeiro
Capataz/a	Capataz
Catador/a	Catador
Cociñeiro/a	Cociñeiro
Conductor/a	Conductor
Costureiro/a	Costureira
Director/a	Director
Empregado/a do fogar	Empregada do fogar
Enxeñeiro/a técnico/a	Enxeñeiro técnico
Licenciado/a	Licenciado
Diplomado/a	Diplomado
Limpador/a (e tamén Persoal de limpeza)	Limpadora
Mecánico/a	Mecánico
Operador/a	Operador
Orientador/a	Orientador
Perito/a ou Enxeñeiro/a técnico/a	Perito/ Enxeñeiro técnico
Subalerno/a ou Persoal Subalerno	Subalerno
Administración	Administrativa
Dirección	Director
Secretaría	Secretario
Vicedirección	Vicedirector
Xefatura de estudos	Xefe de estudos

Podes consultar o glosario de profesións e oficios publicado polo Instituto da Muller (en español):

<http://www.mujaresenred.net/IMG/pdf/lasprofesiones.pdf>

## **EMPREGO DE PRONOMES E DETERMINANTES**

Co fin de evitar expresións discriminatorias, podemos empregar determinantes ou pronomes sen marca de xénero.

<b>FORMAS RECOMENDADAS</b>	<b>FORMAS NON RECOMENDADAS</b>
Teranse en conta os méritos <i>de quen solicite</i>	Teranse en conta os méritos <i>do solicitante</i>
Entregarase <i>á persoa que</i> o solicite	Entregarase <i>ao</i> que o solicite
<i>Quen</i> teña feitas as tarefas	<i>Os que</i> teñan rematadas as tarefas
<i>Se alguén, das persoas presentes,</i> quere...	<i>Se algún dos presentes</i>
<i>Ningunha das persoas</i> asistentes	<i>Ningún</i> dos asistentes
<i>Cada</i> representante da asociación	<i>Os</i> representantes da asociación
<i>Calquera persoa que interveña</i> na xuntanza	<i>Os intervinientes</i> na xuntanza
<i>Cumprimentarase</i> o impreso / <i>Cumprimentar</i> o impreso / Impreso <i>para cumprimentar</i>	<i>O solicitante</i> deberá cumprimentar o impreso

Facilitamos a modo resumo, algunhas das expresións de uso cotiá no ámbito do noso traballo diario no centro, mostrando a alternativa facendo uso dunha linguaxe inclusiva. Como podedes observar, en moitos casos simplemente temos que antepoñer a palabra *persoa* ou *persoal* á expresión discriminatoria.

<b>FORMAS RECOMENDADAS</b>	<b>FORMAS NON RECOMENDADAS</b>
A persoa candidata /quen aspire	O candidato
Os e as aspirantes, quen aspirar	O aspirante
A persoa que goce (que se beneficie) da bolsa	O bolseiro
A persoa destinataria	O destinatario
A persoa solicitante / quen solicite	O solicitante
A persoa responsable	O responsable
A dirección do centro	O director do centro
O alumnado / as alumnas e os alumnos	Os alumnos
O profesorado / as profesoras e os profesores	Os profesores
O persoal docente	Os docentes
O persoal funcionario interino	Os interinos
A persoa encargada, quen se encargue de	O encargado
O ser humano, os seres humanos, a humanidade	O home
As persoas interesadas, quen se interesar	O interesado
Os e as participantes, quen participar, quen desexa participar	O participante

<b>FORMAS RECOMENDADAS</b>	<b>FORMAS NON RECOMENDADAS</b>
A adolescencia	Os adolescentes
A afección	Os afeccionados
As persoas afectadas, quen estiver afectado	Os afectados
O electorado	Os electores
As persoas candidatas	Os candidatos
O pobo galego, a cidadanía galega	Os galegos
A colectividade inmigrante, a poboación inmigrante	Os inmigrantes
As persoas maiores, a xente maior	Os maiores
A mocidade, a xente nova	Os mozos
A infancia	Os nenos
As persoas solicitantes, as persoas que o soliciten, quen o solicitar	Os solicitantes
As persoas traballadoras / o cadro de persoal / traballadores e traballadoras /persoal	Os traballadores
As persoas usuarias, quen usar	Os usuarios
A veciñanza	Os veciños
Persoa con discapacidade	Discapacitado
Persoa emprendedora	Emprendedor

## **BIBLIOGRAFÍA**

- Criterios para o uso da Lingua. Servizo de Normalización Lingüística. Universidade da Coruña
- Guía de Linguaxe non discriminatoria. Confederación Intersindical Galega
- Guía de Buenas prácticas para favorecer la igualdad entre Hombres y Mujeres en Educación. Consejería de Educación de la Junta de Andalucía
- Guía de Lenguaje Inclusivo de Género. Consejo Nacional de la Cultura y las Artes. Gobierno de Chile
- Guía de Lenguaje no sexista. UNED
- Guías para el uso no sexista del lenguaje. Instituto de la Mujer y para la Igualdad de oportunidades.